

Os socialistas da Mariña pídenlle a Feijóo “máis dignidade política, e que se deixe de enredos e de seguir enganando aos mariñanos porque o que necesitamos é que cumpra e faga ampliación do Hospital xa”

Consideran “máis que vergoñento” que o titular autonómico “tivese o descaro” de comparecer na Cámara do Hórreo para “volver a dicir o mesmo que leva facendo dende que chegou ao Goberno”, pois coa de onte xa son seis veces as que o responsable autonómico asegurou publicamente que a Xunta vai aprobar tal documento

“O que denunciámos é que nos tome o pelo deste xeito. Este é o Sr. Feijóo, o presidente que presume de ser un bo xestor...? Xestionar significar cumprir o que se di en tempo e prazo, xestionar non é como nos ten acostumados este presidente da Xunta, que di o mesmo cantas veces o considera oportuno. Para facer isto, o mellor é que esté calado”, destacan

Cualifican como “deleznable” a actitude dos deputados mariñanos do PP, xa que, malia ser coñecedores do incumprimento reiterado de Feijóo, seguen actuando como escudo da mala xestión do Sr. Feijóo”; motivo polo que lles pide “que, por unha vez, se deixen de tapar os erros do seu xefe na Xunta e que defendan os intereses dos seus veciños”

A MARIÑA, 11 DE SETEMBRO DE 2014.- Os socialistas da Mariña recoñecen “non dar crédito” ao anuncio realizado este mércores polo presidente da Xunta e que inclúe, unha vez máis, a aprobación do Plan Director para a ampliación do Hospital da Costa. Deste xeito, os deputados autonómico e provinciais –José Ramón Val Alonso, Lara Méndez e Alfredo Llano-, a coordinadora comarcal do PSOE –Mayra García- e o resto de voceiros do Partido, consideran “máis que vergoñento” que o titular autonómico “tivese o descaro” de comparecer na Cámara do Hórreo para “volver a dicir o mesmo que leva facendo dende que chegou ao Goberno”, pois coa de onte xa son seis veces as que o responsable autonómico asegurou publicamente que a Xunta vai aprobar tal documento.

Dado que o anuncio do responsable do Executivo galego “é máis do mesmo”, pídenlle a Feijóo que “teña máis dignidade política, que se deixe de enredos e de seguir enganando a todos os mariñanos, porque a Mariña o que necesita non son anuncios que non aportan nada novo, senón que a Xunta cumpra e faga ampliación do Hospital xa”.

“A nosa postura é moi clara. Nón nos opoñemos que dé luz verde ao Plan Director, pero o que si denunciámos é que nos tome o pelo deste xeito. Este é o Sr. Feijóo, o presidente que presume de ser un bo xestor...? Xestionar significar cumprir o que se di en tempo e prazo, xestionar non é como nos ten acostumados este presidente, que di o mesmo cantas veces o considera oportuno en función dos intereses partidistas”. Por este motivo, consideran que o responsable autonómico “non ten vergoña. Así non se poden facer as cousas, porque para dicir sempre o mesmo, o mellor é que esté calado”.

Responsabilidade dos deputados do PP

Asimesmo, tamén consideran “deleznable” a actitude dos deputados mariñanos do Partido Popular, que, malia ser coñecedores do incumprimento reiterado de Feijóo, “teñen a desfachatez de saír na prensa gabándose do anuncio do presidente”. Neste senso, engaden: “xa está ben de actuar como escudo da mala xestión do Sr. Feijóo, xa está ben de ser o paraugas dun Goberno

que está a demostrar con feitos que non é útil e que é un irresponsable. Pedímoslles aos membros do PP da Mariña e a deputados como os Sres. Balseiro e Vidal Martínez que, por unha vez, se deixen de tapar os erros do seu xefe na Xunta e que defendan os intereses dos seus veciños. Os cidadáns da Mariña non lles serve o si polo si, queren políticos responsable e que, sobre todo, defendan as súas necesidades, non os intereses do partido ao que pertencen", conclúen.